Rosa spp.

- roseira
- rosal
- arkakaratsa, arrosatzea
- roser, gavarrera
- rose bush
- roseira



DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Rosa***

ORIXE

Eurasia.

CARACTERÍSTICAS

Planta arbustiva, ás veces cun rizoma estolonífero. Talos erectos, gabeadores ou rastreiros, que adoitan presentar formacións epidérmicas variadas. Follas perennes ou caducas, imparipinnadas, pecioladas, con folíolos serrados. Inflorescencias en cimas corimbiformes ou, por redución, flores solitarias. Flores hermafroditas. Sépalos 5, enteiros (ou os 3 exteriores con lóbulos laterais), rematados nun apéndice máis desenvolvido; sen cáliz. Pétalos 5, con escotaduras, de coloración variada. Estames numerosos, dispostos en varios verticilos. Carpelos numerosos, libres, situados na parte inferior ou aos lados dentro do receptáculo, cun óvulo colgante. Estilos terminais, libres, fusionados ou máis adprimidos. O froito é un poliaquenio, rodeado polo receptáculo, carnoso e de cores brillantes (úrnula).

HÁBITAT

Non ten preferencia por solos específicos. Medra en zonas montañosas, no sotobosque arbustivo e outros bosques, sebes, beiras dos camiños etc. Agradece os solos con boa drenaxe e húmidos, algo fértiles e cun pH neutro.

DISTRIBUCIÓN

Leste de Asia, especialmente na China, Asia Central, Europa e suroeste de Asia.

CURIOSIDADES

Da gran cantidade de especies e variedades cultivadas, só unhas poucas se empregan para obter aceite esencial de rosa e auga destilada.